

XUNTA DE GOBERNO**Sesión do día 25 de marzo de 2022**

-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as once horas e catorce minutos do día vinte cinco de marzo do ano dous mil vinte e dous, baixo a Presidencia da Ilma. Sra. Dna. M^a del Carmen Silva Rego, Presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, D. Carlos López Font, D. Santos Héctor Rodríguez Díaz, D. Gorka Gómez Díaz, Dna. Noemí Outeda Prol, Dna. Ana Laura Iglesias González, Dna. Iria Lamas Salgueiro, D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo, Dna. María Ortega Iñarrea e Dna. Ana María Mejías Sacaluga co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto D. José Luís Mato Rodríguez, Secretario (p.s.), e está presente o Sr. Interventor, D. Antonio Graña Gómez.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.31490.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 18 de marzo 2022.

2.31491.- APROBACIÓN DA I ADDENDA AOS CONVENIOS DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E OS CONCELLOS DE: SALVATERRA DE MIÑO, COVELO, VALGA, MEAÑO, CERDEDO-COTOBADA, BARRO, AGOLADA, CUNTIS, REDONDELA, CAMBADOS, GONDOMAR E A ENTIDADE LOCAL MENOR DE ARCOS DA CONDESA, PARA A IMPLANTACIÓN, FORMACIÓN, SOPORTE E MANTEMENTO DUNHA SOLUCIÓN DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA (Expte. 2022006690)

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación en sesión ordinaria do 16 de outubro de 2020, aprobou o “*Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e as Entidades Locais da Provincia de Pontevedra para a implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica.*” (Expte. 2020036145), cuxa vixencia se estende ata o 1 de abril de 2022.



Segundo.- Mediante acordo da Xunta de Goberno en data 23 de decembro de 2021 prorrogouse o contrato que rexe a presentación do servizo para a implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica para Entidades Locais da Provincia de Pontevedra (Expte. 2020029219) cuxa duración se estende ata o 10 de marzo de 2023, ao concorrer razóns de interese público que esixen a súa continuidade.

Terceiro.- Mediante acordo da Xunta de Goberno, en sesión ordinaria de data 28 de xaneiro de 2022, foi aprobada I Addenda ao convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e as Entidades Locais da Provincia de Pontevedra para a implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica, co fin é ampliar a vixencia do convenio ata o 10 de marzo de 2023, data de finalización da primeira prórroga do contrato que rexe a prestación do “servizo para a implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica para Entidades Locais da Provincia de Pontevedra (Expte. 2020029219).

Cuarto.- Para a formalización da devandita I addenda ao convenio de colaboración as Entidades Locais interesadas deben proceder a súa aprobación.

Quinto.- Recibíronse ata o de agora as aprobacións da I addenda ao convenio, das seguintes Entidades Locais: *Concello de Salvaterra de Miño, Concello de Covelo, Concello de Valga, Concello de Meaño, Concello de Cerdedo-Cotobade, Concello de Barro, Concello de Agolada, Concello de Cuntis, Concello de Redondela, Concello de Cambados, Concello de Gondomar e a Entidade Local Menor de Arcos da Condesa.*

Sexto.- A aprobación das I addendas ao convenio xa conta co financiamento máximo que se considera necesario, segundo consta no expediente de contratación número 2020029219.

Vista a dilixencia de conformidade da Intervención Xeral de data 21 de marzo de 2022.

Por todo o exposto, e sendo a Xunta de Goberno o órgano competente para aprobar as presentes I addendas, en aplicación das bases aprobadas para a execución do orzamento, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a I addenda aos convenios de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e as seguintes Entidades Locais: *Concello de Salvaterra de Miño, Concello de Covelo, Concello de Valga, Concello de Meaño, Concello de Cerdedo-Cotobade, Concello de Barro, Concello de Agolada, Concello de Cuntis, Concello de Redondela, Concello de Cambados, Concello de Gondomar e a Entidade Local Menor de Arcos da Condesa,* para a implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica.



Segundo.- Aprobar as liquidacións, segundo o previsto no modelo de contraprestación económica, Anexo I do convenio de colaboración, rateadas desde o 1 de abril de 2022 ata o 10 de marzo de 2023, tomando como referencia o número de habitantes de cada concello na última actualización de poboación do Instituto Nacional de Estatística (INE).

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Novas Tecnoloxías, para que no prazo previsto na cláusula sexta do convenio, notifique as correspondentes cartas de pagamento de acordo co seguinte detalle:

	Entidade local	Poboación	Pagamento por entidade
53	CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO	10.048	3.298,63 €
54	CONCELLO DE COVELO	2.455	942,47 €
55	CONCELLO DE VALGA	5.768	2.356,16 €
56	CONCELLO DE MEAÑO	5.314	2.356,16 €
57	CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADE	5.719	2.356,16 €
58	CONCELLO DE BARRO	3.622	1.413,70 €
59	CONCELLO DE AGOLADA	2.228	942,47 €
60	CONCELLO DE CUNTIS	4.643	1.413,70 €
61	CONCELLO DE REDONDELA	29.192	5.183,56 €
62	CONCELLO DE CAMBADOS	13.673	3.298,63 €
63	CONCELLO DE GONDOMAR	14.920	3.298,63 €
64	ENTIDADE LOCAL MENOR DE ARCOS DA CONDESA	-	-

Cuarto.- Facultar á presidenta para a formalización das mencionadas I addendas ao convenio mediante a súa sinatura.



3.31492.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS PARA A “CONCESIÓN DE SUBVENCIONS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A RECUPERACIÓN E POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO MARÍTIMO-FLUVIAL NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA” (Expte.2022004134)

A Deputación de Pontevedra, a proposta do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico, establece as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para a recuperación e posta en valor do patrimonio marítimo-fluvial na provincia de Pontevedra, e fiscalizadas as bases polo Servizo de Intervención, así como informe favorable de Secretaría Xeral, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar as “Bases de subvencións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para a recuperación e posta en valor do patrimonio marítimo-fluvial na provincia de Pontevedra”, que figuran co CSV: UVNILAAXY93FTPN9.

4.31493.- APROBACIÓN DAS BASES DE REGULADORAS PARA A “CONCESIÓN DE SUBVENCIONS PARA A SUPRESIÓN DA SIMBOLOXÍA FRANQUISTA NOS ESPAZOS PÚBLICOS E A REHABILITACIÓN E SINALIZACIÓN DO PATRIMONIO HISTÓRICO-CULTURAL DIRIXIDAS AOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2022” (Expte. 2022004138)

A Deputación de Pontevedra, no marco das súas competencias, quere promover, en colaboración cos concellos de ata 50.000 habitantes da provincia, proxectos de normalidade democrática a través da supresión da simboloxía franquista, así como conservar o patrimonio histórico-cultural destes. Con este obxectivo, o Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico elabora unhas bases que regulan a concesión de axudas dirixidas a estes concellos, que deberán cumprir os requisitos e condicións establecidos nestas bases e na demais lexislación aplicable.

Resultando que, con data de 23 de febreiro de 2022, o Secretario emite informe segundo consta no expediente, sobre as bases de subvencións para a supresión da simboloxía franquista nos espazos públicos e a rehabilitación e sinalización do patrimonio histórico-cultural dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra para o ano 2022.

Resultando que, con data de 16 de marzo de 2022, Intervención emite informe favorable sobre a tramitación do expediente para a aprobación das ditas bases, deixando constancia de que a aplicación orzamentaria proposta 22/332.3322.762.00 se considera correcta, e que conta con crédito retido para este fin, mediante documento R.C. núm. 202200057183, por importe de 400.000,00 €.

Considerando que o órgano competente para a aprobación destas bases é a Xunta de Goberno, de conformidade co estipulado nas bases de execución do orzamento provincial.



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Aprobar as “*Bases de subvencións para a supresión da simboloxía franquista nos espazos públicos e a rehabilitación e sinalización do patrimonio histórico-cultural dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra para o ano 2022*”, que figuran co CSV: F0YHHYYKZJDDLFMH.

5.31494.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS PARA A “CONCESIÓN DE SUBVENCIONES ÁS CONFRARÍAS DE PESCADORAS/ES, FEDERACIÓN DE CONFRARÍAS E AGRUPACIONES DE MARISCADORAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA INVESTIMENTOS DURANTE O EJERCICIO 2022” (Expte. 2022004415)

A Deputación de Pontevedra, no marco das súas competencias, entre as que están a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito, segundo o establecido no artigo 36.d, da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, considera necesario dar apoio, ás confrarías de pescadores e pescadoras, Federación Provincial de confrarías e agrupacións de mariscadoras da provincia, que contribúan ó desenvolvemento de accións que impliquen a promoción e o fomento dun sector de vital importancia na provincia.

Para levar a cabo esta liña de subvencións, o Servizo de Transición Ecolóxica e Medio Ambiente elaborou unhas bases que regulan a concesión destas axudas que van destinadas ás entidades citadas da provincia de Pontevedra.

Resultando que con data do 4 de febreiro de 2022 a xefa do Servizo de Transición Ecolóxica e Medio Ambiente emite informe favorable sobre as bases reguladoras de subvencións dirixidas ás confrarías de pescadores e pescadoras, Federación Provincial de Confrarías e agrupacións de mariscadoras da provincia, con data do 15 de febreiro de 2022, a Secretaría emite informe favorable sobre as citadas bases reguladoras.

Resultando que con data do 28 de febreiro de 2022 a Intervención emite informe favorable sobre a tramitación do expediente para a aprobación de ditas bases, por importe de 250.000,00 €, con cargo a aplicación orzamentaria proposta 22/ 410.4150.789.02, é en consecuencia efectúa retención de crédito mediante documento RC nº 202200042765.

Considerando que o órgano competente para a aprobación destas bases é a Xunta de Goberno, segundo o establecido na base 16^a.2^a c) das Bases de Execución do Orzamento provincial, nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.



Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Transición Ecolóxica e Medio Ambiente, do informe da Secretaria e do informe favorable de Intervención, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar as “*Bases reguladoras para a concesión de axudas económicas, por concorrencia competitiva, a confrarías de pescadoras/es, Federación de Confrarías e agrupacións de mariscadoras da provincia de Pontevedra*”, para o ano 2022, que figuran co CSV: 8NE264D9LYO6B2TZ.

6.31495.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS PARA A “CONCESIÓN DE SUBVENCIONS DIRIXIDAS ÁS COOPERATIVAS AGROGANDEIRAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA INVESTIMENTOS DURANTE O EXERCICIO 2022” (Expte.2022004412)

A Deputación de Pontevedra, no marco das súas competencias, entre as que están a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito, segundo o establecido no artigo 36.d, da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, considera necesario dar apoio, ás cooperativas agrogandeiras da provincia de Pontevedra, para que contribúan ó desenvolvemento de accións de promoción e fomento dun sector de vital importancia na provincia.

Para levar a cabo esta liña de subvencións, o Servizo de Transición Ecolóxica e Medio Ambiente elaborou unhas bases que regulan a concesión destas axudas que van destinadas ás entidades citadas da provincia de Pontevedra.

Resultando que con data do 4 de febreiro de 2022 a xefa do Servizo de Transición Ecolóxica e Medio Ambiente emite informe favorable sobre as bases reguladoras de subvencións dirixidas ás cooperativas agrogandeiras da provincia, con data do 15 de febreiro de 2022, a Secretaría emite informe favorable sobre as citadas bases reguladoras.

Resultando que con data do 28 de febreiro de 2022 a Intervención emite informe favorable sobre a tramitación do expediente para a aprobación de ditas bases, por importe de 250.000,00 €, con cargo a aplicación orzamentaria proposta 22/410.4120.789.00, é en consecuencia efectúa retención de crédito mediante documento RC nº 202200042372.

Considerando que o órgano competente para a aprobación destas bases é a Xunta de Goberno, segundo o establecido na base 16.2 das Bases de Execución do Orzamento provincial, nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.



Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Transición Ecolóxica e Medio Ambiente, do informe da Secretaria e do informe favorable de Intervención, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar as “*Bases reguladoras para a concesión de axudas económicas, por concorrencia competitiva, a cooperativas agrogandeiras da provincia de Pontevedra, para o ano 2022*”, que figuran co CSV: KV252IFO3RMDSVM5.

7.31496.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS E A CONVOCATORIA DE “CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA CON POBOACIÓN INFERIOR A 50.000 HABITANTES PARA O FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS DE PROXECTOS SUBVENCIONABLES AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DO PIREP LOCAL” (Expte. 2022015819)

Dáse conta das Bases reguladoras e convocatoria de subvencións a entidades locais da provincia de Pontevedra con poboación inferior a 50.000 habitantes para o financiamento dos gastos derivados da presentación de candidaturas de proxectos subvencionables ao abeiro da convocatoria do PIREP LOCAL, que xurde como instrumento de asistencia no marco das competencias que ten atribuídas por lei (especificamente art. 36.1.b): a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión) para que, os concellos que desexen participar no PIREP LOCAL, dispoñan de financiamento para afrontar os traballos de preparación da documentación necesaria para presentar solicitudes de subvención de proxectos de interese municipal na convocatoria do PIREP LOCAL.

Estas bases e a súa convocatoria rexerán a concesión das subvencións para o financiamento dos gastos derivados da presentación de candidaturas de proxectos subvencionables ao abeiro da convocatoria do PIREP LOCAL, cuxo financiamento se realiza con fondos propios da Deputación, e que, de conformidade co establecido na D.A. Oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, constituirán a normativa específica destas axuda. As bases, ademais de recoller os criterios de distribución do crédito dispoñible conforme un procedemento de concorrencia non competitiva, dotan de seguridade xurídica ó procedemento de concesión e xustificación de subvencións públicas para acadar, así mesmo, a obxectividade que deber presidir a actuación da Deputación Provincial de Pontevedra.

Serán obxecto da subvención os gastos, realizados desde o 1 de xaneiro de 2022, derivados das asistencias técnicas que se contraten para preparar a documentación necesaria para a presentación de solicitudes de subvención á convocatoria do PIREP LOCAL, así como, no seu caso a redacción e/ou adaptación dos proxectos de investimento, que se poidan acoller á dita convocatoria, publicada no B.O.E. núm. 60, o venres, 11 de marzo de 2022, a través da Orde TMA/178/2022, de 28 de febreiro, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de axudas para a rehabilitación de edificios de titularidade pública e a convocatoria para a presentación de solicitudes polo



procedemento de concorrencia competitiva no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (en diante PIREP LOCAL).

De conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da LRBRL, o artigo 17.3 da OXSDEPO e a base 16ª.2 das de execución do orzamento provincial, o órgano competente para a aprobación destas bases reguladoras e a súa convocatoria é a Xunta de Goberno provincial.

Vista toda a documentación relativa ó citado plan que obra no expediente; vistos os informes da xefa do servizo de Cooperación (CSV: VBRBOXRC8QARKJSU), da Secretaria Xeral (CSV: 1Z2LUCEMNQV0IB72) e da Intervención Provincial (CSV: 5C0POKELL9RYY2BA), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1º.- Aprobar as “*Bases reguladoras e convocatoria de subvencións a entidades locais da provincia de Pontevedra con poboación inferior a 50.000 habitantes para o financiamento dos gastos derivados da presentación de candidaturas de proxectos subvencionables ao abeiro da convocatoria do PIREP LOCAL*”, financiado pola Deputación de Pontevedra cun orzamento de douscentos un mil (201.000,00 €) euros, imputables contra a aplicación orzamentaria 22/942.9420.762.99.

As bases reguladoras figuran co CSV: AKDN5SGWTS8QWYSE.

2º.- Publicar estas bases e convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e na sede electrónica da Deputación de Pontevedra <http://sede.depo.gal>.

8.31497.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE BUEU NO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DA ACHEGA MUNICIPAL DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE BUEU DO INVESTIMENTO “REFORMA E AMPLIACIÓN DA BIBLIOTECA MUNICIPAL TORRENTE BALLESTER”-(PROGRAMA REACPON) (Expte.2022008873)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.



Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.

O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 € para o exercicio 2022 e de 30.500.000,00 € para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942.0425.762.45 (Plan Concellos 22-23).

Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto a cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detracción por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detracción de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.

O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local xacando no exercicio 2022, lle corresponde a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. No exercicio 2023, a contía asignada a cada concello destinarase integramente ao financiamento de investimentos, xa que esta cantidade non se pode aplicar ao financiamento das liñas 2 e 3. Sen prexuízo de realizar investimentos de carácter plurianual a través dos dous exercicios 2022 e 2023 consonte a lexislación orzamentaria.

De acordo coa Base Reguladora 8ª do POS 2022-23, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoables e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.

No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación á todos os plans.



En data 17/02/2022, asinouse o Convenio de Colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o *Concello de Bueu*, para levar a cabo a actuación “*Reforma e ampliación da biblioteca municipal Torrente Ballester*”- (Expte.2021040028) no marco do programa REACPON, cun orzamento que importa 916.559,80 euros, aportando a Deputación de Pontevedra para a súa financiación unha subvención de 687.419,85 euros, sendo a achega municipal de 229.139,95 euros, tal é como establece a seguinte táboa:

DEPUTACION DE PONTEVEDRA	687.419,85 €
CONCELLO DE BUEU (achega municipal)	229.139,95 €
TOTAL	916.559,80 €

No propio convenio establécese que a aportación municipal de 229.139,95 euros será financiada con cargo á anualidade 2022 do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos 2022-2023) da Deputación.

Neste contexto, en data 21/02/2022, o concello de BUEU, acolléndose ao establecido nas bases 1ª e 8ª.1.5 das reguladoras do PLAN CONCELLOS 2022-2023, que permite ás entidades municipais destinar parte ou a totalidade da cantidade asignada na LIÑA 1 ao financiamento das achegas municipais para investimentos acollidos noutros plans, programas ou convenios da propia Deputación ou doutras administracións cando se trate de obras ou subministracións de competencia municipal, solicita formalmente e en prazo, unha subvención por importe de 229.139,95 euros, con destino ao financiamento da achega municipal ao convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o concello de BUEU para a execución da actuación denominada “*Reforma e ampliación da biblioteca municipal Torrente Ballester*”, sendo o orzamento de 916.559,80 euros, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento- €	Subvención a cargo do POS - €	Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas -€
2022	916.559,80	229.139,95	687.419,85 (Deputación)

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida.

A execución e a xustificación deste investimento suxeitarase as normas do plan que se co-financia coa achega a cargo do POS 2022-2023, sendo aquel plan o “Plan de Infraestruturas e dotacións singulares para a recuperación Post-Covid-19, Programa REACPON (Reacciona Pontevedra Provincia)”.



Fundamentación xurídica:

I.- Normativa Examinada:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, polo que se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 500/1990, de 20 de abril por el que se desenrola o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos.
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- Consideracións xurídicas:

Instrución do expediente:

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.



Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2021, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

Resolución do expediente:

- Artigo 19 LXS que sinala que a normativa reguladora da subvención poderá exixir un importe de financiación propia para cubrir a actividade subvencionada.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 40 do TRLRFL no que se establece que as subvencións de toda índole que obteñan as Entidades Locais con destino as súas obras e servizos non poderán ser aplicadas a atencións distintos de aquelas para as que foron outorgadas, salvo que, no seu caso, os sobrantes non reintegrables cuxa utilización non estivese prevista na concesión.
- Artigo 181 do TRLRFL que sinala que poderán xerar crédito nos estados de gastos dos orzamentos, na forma que regulamentariamente se estableza, os ingresos de natureza non tributaria derivados das seguintes operacións; a) aportacións ou compromisos firmes de aportación de persoas físicas ou xurídicas para financiar, xuntamente coa entidade local ou con algún dos seus organismos autónomos, gastos que pola súa natureza están comprendidos nos seus fins ou obxectivos.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.



- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Artigo 30 do RD 500/1990, en atención ao cal os créditos consignados no Orzamento de gastos, así como os procedentes das modificacións orzamentarias, con carácter xeral, en calquera das tres situacións seguintes: a) créditos dispoñibles; b) créditos retidos pendentes de utilización; c) créditos non dispoñibles.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª 1 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

Da xestión en cernes do ciclo da auga:

- Tanto no momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 como no de concesión individual de cadansúa das peticións de subvención ao abeiro do mesmo, continúa pendente a tramitación da lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Unha vez que este texto legal se converta en dereito positivo, sucederá que lle sobrevivirán distintos convenios ou instrumentos de colaboración, que distribuirán as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que se interesen polo seu asinamento, amais da propia Deputación Provincial.
- De terse subscrito algún daqueles instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado haberá de comunicalo a Deputación para esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no POS 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.



Parte dispositiva:

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación, de data 23/02/2022 e 18/03/2022, e da xefa do servizo de Cooperación de data 17/03/2022 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da intervención provincial, de data 18/03/2022, a Xunta de Goberno, acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Bueu*, CIF P3600400J a cantidade de 229.139,95 € con destino ao financiamento da achega municipal ao convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o *Concello de Bueu* para a execución da actuación denominada “*Reforma e ampliación da biblioteca municipal Torrente Ballester*” (exp: 2022008873) cun orzamento que ascende a 916.559,80 euros, quedando configurada a súa petición segundo indica a seguinte táboa:

Anualidade /s	Orzamento- €	Subvención a cargo do POS - €	Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas -€
2022	916.559,80	229.139,95	687.419,85 (Deputación)

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 22/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto. Unha vez concedida a subvención, xerárase crédito na aplicación orzamentaria correspondente do Programa Reacpon e realizaranse as oportunas operacións de formalización.
- Convén lembrar que o concello deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.
- A execución e xustificación deste investimento rexeráse polas normas do plan que se co-financia, “Programa REACPON (Reacciona Pontevedra Provincia)” aprobado por acordo plenario núm. 7.7624 de 28/05/2021 (BOPPO nº 102 do 01/06/2021) sen que en ningún caso poida exceder dos prazos que se recollen na Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-23. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.



- Así mesmo, de acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-23 o concello deberá de comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde da súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga, para poder iniciar así a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Buen*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

9.31498.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO NO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1- INVESTIMENTOS, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “ACTUACIÓNS BAILADOIRO, CASALDEY, CASTELIÑOS, VALIÑO, SAN MIGUEL, LAXE E PAINCEIRO”.
(Expte.2022010868)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.

Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.

O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 € para o exercicio 2022 e de 30.500.000,00 € para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942.9425.762.45 (Plan Concellos 22-23).

Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto a cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detracción por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detracción de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.



O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local xacando no exercicio 2022, lle corresponde a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. No exercicio 2023, a contía asignada a cada concello destinarase integramente ao financiamento de investimentos, xa que esta cantidade non se pode aplicar ao financiamento das liñas 2 e 3. Sen prexuízo de realizar investimentos de carácter plurianual a través dos dous exercicios 2022 e 2023 consonte a lexislación orzamentaria.

De acordo coa Base Reguladora 8ª do POS 2022-23, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoebles e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.

No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación á todos os plans.

En data 28/02/2022 por rexistro WEB2022010195, emendado en datas posteriores, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, petición do concello de Campo Lameiro na que solicita con cargo a cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 154.620,46 euros, con destino ao financiamento do investimento “*Actuaciones Bailadoiro, Casaldey, Casteliños, Valiño, San Miguel, Laxe e Painceiro*”, distribuída en dúas anualidades 2022 e 2023, cun orzamento que importa 154.620,46 euros, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento- €	Subvención a cargo do POS - €	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos Propios- €
2022	90.953,21	90.953,21	0,00	0,00
2023	63.667,25	63.667,25	0,00	0,00
TOTAL	154.620,46	154.620,46	0,00	0,00

Consta no expediente certificado relativo á titularidade dos bens sobre os que se pretende actuar, así coma o informe do redactor do proxecto sobre a normativa sectorial.



Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida, agás no referente a súa dispoñibilidade xa que, tal como indica o Concello, precisa da autorización sectorial de Augas de Galicia, da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), da Dirección Xeral de Patrimonio Natural e da Consellería de Medio Rural, aportando ao efecto a súas solicitudes, por non dispor das mesmas no momento de presentar a solicitude da subvención.

Fundamentación xurídica:

1.- Normativa Examinada:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- Consideracións xurídicas:

Instrución do expediente:

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.



Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2021, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, polo que se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 500/1990, de 20 de abril por el que se desenrola o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos.



- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

Consideracións xurídicas:

Instrución do expediente:

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.

Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2021, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

Resolución do expediente:

- Artigo 19 LXS que sinala que a normativa reguladora da subvención poderá exixir un importe de financiación propia para cubrir a actividade subvencionada.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.



- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 40 do TRLRFL no que se establece que as subvencións de toda índole que obteñan as Entidades Locais con destino as súas obras e servizos non poderán ser aplicadas a atencións distintos de aquelas para as que foron outorgadas, salvo que, no seu caso, os sobrantes non reintegrables cuxa utilización non estivese prevista na concesión.
- Artigo 181 do TRLRFL que sinala que poderán xerar crédito nos estados de gastos dos orzamentos, na forma que regulamentariamente se estableza, os ingresos de natureza non tributaria derivados das seguintes operacións; a) aportacións ou compromisos firmes de aportación de persoas físicas ou xurídicas para financiar, xuntamente coa entidade local ou con algún dos seus organismos autónomos, gastos que pola súa natureza están comprendidos nos seus fins ou obxectivos.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Artigo 30 do RD 500/1990, en atención ao cal os créditos consignados no Orzamento de gastos, así como os procedentes das modificacións orzamentarias, con carácter xeral, en calquera das tres situacións seguintes: a) créditos dispoñibles; b) créditos retidos pendentes de utilización; c) créditos non dispoñibles.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª 1 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

Da xestión en cernes do ciclo da auga:

- Tanto no momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 como no de concesión individual de cadansúa das peticións de subvención ao abeiro do mesmo, continúa pendente a tramitación da lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Unha vez que este texto legal se converta en dereito positivo, sucederá que lle sobrevirán distintos convenios ou instrumentos de colaboración, que distribuirán as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que se interesen polo seu asinamento, amais da propia Deputación Provincial.



- De terse subscrito algún daqueles instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado deberá de comunicalo a Deputación para esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no POS 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá re-utilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes dos servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provincias da Deputación de Pontevedra, de data 10/03/2022, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 14/03/2022, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de O Grove* CIF P3602200B a cantidade de 110.356,75 €, con destino ao financiamento da achega municipal do convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o *Concello de O Grove* do investimento “*Mellora da seguridade viaria na EP - 9101 O Grove - Igrexa de San Vicente, do P.Q. 1+000 ó P.Q. 2+550*” (Expte. 2022010741) cun orzamento que ascende a 551.783,74 €, quedando a súa petición segundo indica a seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento	Subvención	Achegas doutras administracións	Fondos propios
2022	551.783,74	110.356,75	441.426,99	0,00
2023	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	551.783,74	110.356,75	441.426,99	0,00

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2022/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto. Unha vez concedida a subvención, xerárase crédito na correspondente aplicación orzamentaria e realizaranse as oportunas operacións en formalización.
- Convén lembrar que o *Concello* deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan



- Convén lembrar que a execución e xustificación deste investimento rexerese polas normas do Convenio de Mobilidade que se co-financia, sen que en ningún caso poida exceder dos prazos que se recollen na Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-23. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Así mesmo, e de ser o caso, de acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-23 o *concello de O Grove* deberá comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde da súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga, para poder iniciar así a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de O Grove*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia

13.31502.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE MOS NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA ESTRADA DA VÍA: PARROQUIAS DE TAMEIGA-DORNELAS-TORROSO” (Anualidade 2022) (Expte.2022006445)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.

Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.

O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 € para o exercicio 2022 e de 30.500.000,00 € para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942.9425.762.45 (Plan Concellos 22-23).

Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto á cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detracción por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade



asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detracción de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.

O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local. No exercicio 2022, correspóndelle a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. No exercicio 2023, a contía asignada a cada concello destinarase integramente ao financiamento de investimentos, xa que esta cantidade non se pode aplicar ao financiamento das liñas 2 e 3. Sen prexuízo de realizar investimentos de carácter plurianual a través dos dous exercicios, 2022 e 2023, consonte á lexislación orzamentaria.

De acordo coa Base Reguladora 8ª do POS 2022-23, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmobles e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.

No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación a todos os plans.

En data 09/02/2022 por rexistro WEB202005287 dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, petición do Concello de MOS na que solicita con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 354.928,61 euros, con destino ao financiamento do investimento “*Mellora da seguridade viaria na estrada da vía: Parroquias de Tameiga-Dornelas-Torroso*”, cun orzamento polo mesmo importe, quedando configurada a súa petición tal e como reflicte a seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento	Subvención €	Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas €
2022	354.928,61 €	354.928,61 €	-----

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida, contando co informe de supervisión favorable do Enxeñeiro Xefe do Servizo de Cooperación de data 14/03/2022.



Fundamentación xurídica:

I.- Normativa examinada:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- consideracións xurídicas:

Instrución do expediente:

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do Servizo de Intervención.

Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.



- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2021, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª 1 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.



Da xestión en cernes do ciclo da auga:

- Tanto no momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 como no de concesión individual de cadansúa das peticións de subvención ao abeiro do mesmo, continúa pendente a tramitación da lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Unha vez que este texto legal se converta en dereito positivo, sucederá que lle sobrevirán distintos convenios ou instrumentos de colaboración, que distribuirán as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que se interesen polo seu asinamento, amais da propia Deputación Provincial.
- De terse subscrito algún daqueles instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado haberá de comunicalo á Deputación para que esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no POS 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de Cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

Parte dispositiva

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación, de data 14/03/2022, e da xefa do servizo de Cooperación de data 14/03/2022 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 15/03/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Mos*, CIF: P3603300I a cantidade de 354.928,61 € con destino ao financiamento do investimento “*Mellora da seguridade viaria na estrada da vía: parroquias de Tameiga-Dornelas-Torrosó*” (Expte.2022006445) cun orzamento polo mesmo importe, quedando configurada a súa petición segundo se indica na seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento	Subvención €	Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas €
2022	354.928,61 €	354.928,61 €	-----

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 22/942.9425.762.45 do orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao gasto.



- Convén lembrar que o Concello deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.
- De acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-23 o Concello de MOS deberá de comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde a súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga para poder iniciar a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-203, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-23, o investimento incluído na anualidade 2022, deberá estar executado o 31 de decembro de 2023 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2024, e o incluído na anualidade 2023, executado o 31 de decembro de 2024 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Mos*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

14.31503.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CUNTIS POR CAMBIO DE FINALIDADE CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO NOVO INVESTIMENTO “MELLORADOS ACCESOS OS NÚCLEOS DE VILARIÑO, MONTESANDEU E CARREIRA ANCHA” NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2020 (Expte. 2022012128)

O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión do día 29/11/2019, aprobou as “*Bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2020*”, que recolle os procedementos para conceder subvencións a 59 municipios da provincia para financiar actuacións e investimentos, propostas que deben estar relacionadas coas materias que os municipios exercen como competencias propias ou, en todo caso, as atribuídas por delegación, de conformidade co artigo 7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e as distintas das propias e as de delegación segundo o artigo 3 da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local. Ditas bases e o extracto da convocatoria publicouse no BOPPO nº 1, do 02/01/2020.



En data 13/12/2021, emendado en data 25/02/2022, o *Concello de Cuntis* presenta solicitude de desistencia a actuación salientadas no parágrafo anterior, sendo autorizada esta desistencia por acordo de Xunta de Goberno núm. 12.31428 de data 11 de marzo de 2022, deixando en dispoñible 100.000,00 euros, comprometidos na aplicación orzamentaria 2022/942.9425.762.45.2020, para a realización dunha nova actuación que pretende realizar o concello.

Neste contexto, en data 25/02/2022 e con rexistro de entrada WEB2022009526, o concello presenta solicitude de subvención por cambio de aplicación por importe de 99.999,99 € para financiar o novo investimento “*Mellora dos accesos os núcleos de Vilarinho, Montesandeu e Carreira Ancha*” encadrado na liña 1 do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2020, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento, €	Subvención, €	Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas, €
2020	99.999,99	99.999,99	0,00

Consta no expediente certificado relativo á titularidade do camiños sobre os que se pretende actuar, así coma o informe do redactor do proxecto sobre a normativa sectorial.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do Plan Concellos 2020 e achega a documentación requirida, agás no referente a súa dispoñibilidade xa que, tal como indica o Concello, precisa da autorización sectorial de Augas de Galicia, da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e da Axencia Galega de Infraestruturas, aportando ao efecto a súas solicitudes, por no dispor das mesmas no momento de presentar a solicitude da subvención.

O concello non aporta a aprobación do proxecto pois non conta coas autorizacións indicadas.

Fundamentos xurídicos:

Réxime Xurídico:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).



- Bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2020.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o presente exercicio.

Consideración xurídicas:

Instrución do expediente:

- Base reguladora 16ª do Plan Concellos 2020, relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación realizar as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes, solicitando cantos informes considere convenientes. Asemade, establécese que o procedemento de concesión das axudas é o de concorrencia non competitiva.

Petición e evacuación de informes:

- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.

Resolución do expediente:

- Base 17ª das reguladoras do Plan Concellos 2020, que nos termos que se recollen no RLXS e na Ordenanza de subvencións da Deputación, dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar un cambio ou unha modificación do seu contido pola desistencia total ou parcial á finalidade subvencionada, sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo de realización da actividade obxecto de subvención.
- Bases reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2020 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases reguladoras 10ª e 12ª do Plan Concellos 2020 que recollen a necesaria documentación para a concesión da subvención e o prazo para a súa presentación.
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local, que dispón que “na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia”.



Procedencia económica da subvención:

- A importancia das subvencións para os entes locais, como instrumento basilar ao gallo de poder levar a cabo o exercicio efectivo das competencias asumidas e atribuídas segundo o ordenamento xurídico, ben a ser destacado no propio Estatuto de Autonomía de Galicia (L.O. 1/1981, de 6 de abril), artigo 49. E é unha técnica administrativa de fomento, é dicir, unha forma de actividade á que pode acudir calquera Administración Pública.
- Así mesmo, a Carta Europea (Estrasburgo 15/10/1985), artigo 9, recolle as subvencións para facer efectivos os principios de suficiencia e autonomía financeira. Polo que se refire ao primeiro, sinala o dereito destas entidades a ter recursos propios suficientes que, ademais, han de ser proporcionais ás competencias previstas pola Constitución ou pola lei. Plasma, ademais, un principio de autonomía financeira que se manifesta tanto na vertente dos gastos como dos ingresos, e consagra o carácter predominante non finalista das subvencións que perciban doutras administracións. Circunstancia esencial e que xa se amosou cando o propio concello presentou a solicitude da subvención ao acubillo do Plan concellos 2020 por canto é o xeito de que exercite a súa autonomía. E a autonomía non se logra sen a suficiencia económica, Sentenzas do Tribunal Constitucional de 179/1985, de 19 de decembro e 111/2016, de 9 de xuño.
- O artigo 1 da lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, combina os mesmos principios en atención eficiencia e estabilidade financeira atados ao principio de máxima proximidade da xestión á cidadanía, lexitimando a actividade pública local cando o eido municipal é o máis acaído para a prestación.
- Por último, é cometido da Deputación Provincial, artigo 36.1.2 da LBRL 7/1985, asegurar o acceso da poboación da provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e a maior eficacia e economía na prestación destes. Trátase de acadar o correcto equilibrio entre a autonomía local, a participación dos entes municipais nos asuntos que lle afecten directamente, a satisfacción uniforme dos cidadáns no acceso aos servizos públicos de xeito equitativo, xunto co respecto aos principios de descentralización, proximidade, eficacia, e eficiencia, e con estrita suxeición á normativa de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. Velái a importancia da subvención vertebrada no Plan Concellos, pois así se cumpre o dereito fundamental da igualdade con independencia do concello no que se resida, art. 36 da Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea, co acceso aos servizos de interese económico xeral.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente



exercicio, e vistos o informe do enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación de data 8 de marzo de 2022 e da Xefa do Servizo de Cooperación de data 15 de marzo de 2022, que conclúen favorablemente a tramitación da concesión da subvención por cambio de aplicación, e o informe favorable da Intervención Provincial de data 18 de marzo de 2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Cuntis* (CIF.:P3601500F), por cambio de finalidade, a cantidade de 99.999,99 €, con destino ao financiamento do investimento “*Mellora dos accesos os núcleos de Vilariño, Montesandeu e Carreira Ancha*” (Expte. 2022012128) cun orzamento polo mesmo importe, distribuída segundo a seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento, €	Subvención, €	Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas, €
2020	99.999,99	99.999,99	0,00

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2022/942.9425.762.45.2020 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á resolución favorable de Augas de Galicia, da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e da Axencia Galega de Infraestruturas por realizarse algunha actuación na zona de afección destes organismos, así como o acordo de aprobación do proxecto aportado, sendo imprescindible que se remita á Deputación antes da licitación do investimento ou, no seu caso, antes do inicio do trámite da xustificación da axuda económica.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2020, aprobadas por acordo plenario de 29 de novembro de 2019 e publicadas no BOPPO núm. 01 de 02 de xaneiro de 2020 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións. Xunto coa documentación xustificativa o concello deberá acreditar a dación en conta ao pleno da concesión da axuda outorgada pola Deputación.
- Asemade, ao abeiro da base vixésimo primeira do Plan de Concellos 2020, o investimento deberá estar executado a 31 de Xullo de 2022 e xustificado, na súa totalidade, o 31 de Agosto de 2022 en base a prórroga publicada no BOPPO núm. 230 de data 27 de novembro de 2021. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Cuntis*, á Intervención e ao Gabinete da Presidencia.



15.31504.- AUTORIZACIÓN PARA DISPOÑER DO CRÉDITO PROCEDENTE DO INVESTIMENTO “SANEAMENTO DE RESIDUAIS EN PARADELA (BEMIL) FASE P”, PARA FINANCIAR NOVOS INVESTIMENTOS DO CONCELLO DE CALDAS DE REIS INCLUÍDO NO PLAN CONCELLOS 2020 (Exp.te. 2020028433)

O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión do día 29/11/2019, aprobou as “*Bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2020*”, que recolle os procedementos para conceder subvencións a 59 municipios da provincia para financiar actuacións e investimentos, propostas que deben estar relacionadas coas materias que os municipios exercen como competencias propias ou, en todo caso, as atribuídas por delegación, de conformidade co artigo 7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e as distintas das propias e as de delegación segundo o artigo 3 da lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local. Ditas bases e o extracto da convocatoria publicouse no BOPPO nº 1, do 02/01/2020.

A base décimo novena das reguladoras do Plan Concellos 2020 lexitima aos Concellos a reinvestir as baixas xeradas na adxudicación dos contratos no mesmo investimento, con independencia do seu importe, ou reinvestirse noutra obra distinta. Neste caso o montante do sobranse individual ou acumulado das baixas e do proxecto debe ser igual ou superior a 6.000,00 €, permitíndose a acumulación das baixas ata acadar o importe mínimo de 6.000,00 €. En caso contrario, as baixas deben aplicarse no mesmo investimento.

En data 04/12/2020 concedeuse mediante acordo de Xunta de Goberno 4.29669, subvención ó Concello de *Caldas de Reis* por importe de 288.507,09 euros, con destino ó financiamento do investimento “*Saneamento de residuais en Paradela (Bemil) Fase P*” (Exp.:2020028433), incluído na liña 1 do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2020, cun orzamento polo mesmo importe.

En data 04/11/2021 con rexistro WEB2021041909 o concello de Caldas de Reis aporta documentación relativa ao investimento “*Saneamento de residuais en Paradela (Bemil) Fase P*” da que se deduce que o investimento foi adxudicado por un importe de 212.052,71 €, xerándose unha baixa teórica de adxudicación a favor do Concello de 76.454,38 €.

En data 02/03/2022, con rexistro de entrada WEB2022011126, WEB2022011131 e WEB2022011136, emendado en data posterior, o Concello de Caldas de Reis solicita, a disposición do crédito da baixa teórica de adxudicación da actuación “*Saneamento de residuais en Paradela (Bemil) Fase P*” que importa 76.454,38 € para financiar tres novas actuacións: “*Instalación de tramo de Saneamento en R/ Ovellas*”, “*Reparación de cruce de Auga Rego Cadorra en Godos*” e “*Proxecto de instalacion de tramo de saneamento en Follente, Bemil*”.



Asemade, o órgano de contratación asume o compromiso de que, de existir algunha incidencia na obra “*Saneamento de residuais en Paradela (Bemil) Fase I*” que supoña un incremento do prezo adxudicado e contratado, é dicir unha minoración do importe da baixa teórica de adxudicación, os seu custo será asumido integramente con fondos propios do concello.

Visto o que antecede, solicito que se realicen os trámites oportunos para dispoñer do crédito previamente comprometido na aplicación 2022/942.9425.762.45.2020 a fin de que o Concello de Caldas de Reis poida aplicar a totalidade da baixa teórica de adxudicación que importa 76.454,38 euros, procedente do investimento “*Saneamento de residuais en Paradela (Bemil) Fase I*” (Expte.2020028433), no financiamento de tres novos investimentos que pretende acometer o concello.

Fundamentación xurídica:

Normativa examinada:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por R.D. 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das Facendas locais (TRLRFL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do Orzamento Provincial para o vixente exercicio.
- Bases reguladoras do PLAN CONCELLOS 2020.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

Consideracións xurídicas:

Instrución do expediente:

- Base reguladora 16ª do *Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2020*, relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que o procedemento de concesión de axudas é do de concorrencia non competitiva

Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.



Procedencia da autorización:

- Base 19ª das reguladoras do PLAN CONCELLOS 2020, que dispón que de se produciren baixas nas adxudicación dos contratos a entidade beneficiaria deberallo comunicar á Deputación antes da súa aplicación. Os Concellos poderá reinvestir as baixas xeradas na adxudicación dos contratos no mesmo investimento, con independencia do seu importe, ou reinvestirse noutra obra distinta. Neste caso o montante do sobranse individual ou acumulado das baixas e do proxecto debe ser igual ou superior a 6.000,00 €, permitíndose a acumulación das baixas ata acadar o importe mínimo de 6.000,00 €. En caso contrario, as baixas deben aplicarse no mesmo investimento.
- Base 21ª das reguladoras do PLAN CONCELLOS 2020, que dispón que os investimentos, incluídos aqueles que se produzan como consecuencia da aplicación das baixas, deberán estar executados e xustificadas na súa totalidade o 30/11/2021.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais e as bases específicas de execución do vixente orzamento provincial, e visto o informe da xefa do servizo de cooperación, de data 03/03/2022, e o informe favorable da intervención provincial de data 18/03/2022, que conclúen favorablemente a tramitación do expediente permitindo dispoñer do crédito para a súa posterior aplicación en novos investimentos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar, deixar en dispoñible o crédito previamente comprometido na partida orzamentaria 2022/942.9425.762.45.2020 que importa 76.454,38€ procedente da baixa teórica de adxudicación do investimento “*Saneamento de residuais en Paradela (Bemil) Fase I*” (Expte.2020028433) dentro do correspondente proxecto de gasto, a fin de que o concello poida posteriormente aplicar esta baixa na financiación de novos investimentos propostos polo concello.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Caldas de Reis*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación, ao Gabinete da Presidencia.

16.31505.- ADXUDICACIÓN DO PLAN DE COFINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS PARA O ANO 2022 PARA O CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA (Expte. 2022007025)

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “*Mellora da seguranza viaria e senda peonil na E.P. 2102 Nigrán-Vincios, dende o P.Q. 2+600 ao P.Q. 6+900 (Nigrán)*” (Expte. 2017003642/62), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en metálico, por importe de 659,85 €, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial o 19/10/2020, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202000184782.

27.31516.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOC. CULTURAL ALFOMBRAS DE BUEU DO CONCELLO DE BUEU Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA AS “ALFOMBRAS FLORAIS COMO MANIFESTACIÓN DE ARTE EFÉMERA”, APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 02/07/2021 (Expte. 2021019476)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 02/07/2021 unha subvención a favor da *Asoc. Cultural Alfombras de Bueu* con CIF: G-94.117.827, do *concello de Bueu*, por un importe de 2.000,00 €, para as “*Alfombras florais como manifestación de arte efémera*” con cargo á aplicación 21/330.3340.489.05, e recibido escrito presentado, no Rexistro xeral, con data 13/03/2021 da citada Entidade renunciando á subvención concedida no seu día, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de conformidade co establecido no art. 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.



28.31517.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOC. CULTURAL DAVID FERNÁNDEZ RIVERA DO CONCELLO DE VIGO Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA “MÁIS ALÁ ... EXPOSICIÓN COLECTIVA DE POESÍA VISUAL”, APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 02/07/2021 (Expte: 2021020671)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 02/07/2021 unha subvención a favor da *Asoc. Cultural David Fernández Rivera*, con CIF: G-27.729.821, do *concello de Vigo*, por un importe de 2.500,00 €, para “*Máis alá... Exposición colectiva de poesía visual*” con cargo á aplicación 21/330.3340.489.05, e recibido escrito presentado, no Rexistro xeral, con data 28/02/2021 da citada Entidade renunciando á subvención concedida no seu día, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de conformidade co establecido no art. 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

29.31518.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOC. FOLCLÓRICO-CULTURAL E XUVENIL MEIRAMAR AXOUXERES DO CONCELLO DE MOAÑA Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA A “XVI FEIRA TRADICIONAL DE ARTESANÍA “ARTE NA ILLA””, APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 02/07/2021 (Expte.2021019941)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 02/07/2021 unha subvención a favor da *Asoc. Folclórico-Cultural e Xuvenil Meiramar Axouxeres Moaña*, con CIF:G36.051.183, do *concello de Moaña*, por un importe de 800,00 €, para a “*XVI Feira tradicional de artesanía “Arte na Illa”*” con cargo á aplicación 21/330.3340.489.05, e recibido escrito presentado, no Rexistro xeral, con data 15/03/2021 da citada Entidade renunciando á subvención concedida no seu día, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de conformidade co establecido no art. 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

30.31519.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO CLUB CICLISTA IN SITU POR “COPA GALICIA CICLOCROSS-TROFEO CASTELO STA. CRUZ”, APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 13/08/2021 (Expte. 2021035041)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 13 de agosto de 2021 unha subvención a favor do *Club Ciclista In Situ*, con NIF: G94150109, do *concello de A Guarda*, por un importe de 633,03 €, para a “*Copa Galicia de Ciclocross-Trofeo Castelo Sta. Cruz*” e con cargo á aplicación 22/340.3410.489.04.2021, e recibido escrito, presentado no Rexistro Web nº 2022014438 con data 16/03/22 do citado club renunciando á subvención debido a imposibilidade de xustificar os gastos de dita actividade é, polo que, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de acordo co artigo 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.



31.31520.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO CLUB CICLISTA O ROSAL POR “XXIII TROFEO MONTES DE EIRAS DE CICLOCROSS”, APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 13/08/2021 (Expte. 2021024213)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 13 de agosto de 2021 unha subvención a favor do *Club Ciclista O Rosal* con NIF: G36044741, do *Concello de O Rosal*, por un importe de 455,87 €, para o “XXIII Trofeo Montes de Eiras de Ciclocross” e con cargo á aplicación 22/340.3410.489.04.2021, e recibido escrito, presentado no Rexistro Web nº 2022014441 con data 16/03/2022 do citado club renunciando á subvención debido a imposibilidade de xustificar os gastos de dita actividade é, polo que, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de acordo co artigo 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

32.31521.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO CLUB TRAIL RURAL UP POR “RELEVOS DO CAMIÑO”, APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 13/08/2021 (Expte. 2021023766)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 13 de agosto de 2021 unha subvención a favor do *Club Trail Rural UP* con NIF:G76368976, do *Concello de Silleda*, por un importe de 1.510,64 €, para o “Relevos no Camiño” e con cargo á aplicación 22/340.3410.489.04.2021, e recibido escrito, presentado no Rexistro Web nº 2022014443 con data 16/03/2022 do citado club renunciando á subvención debido a imposibilidade de xustificar os gastos de dita actividade é, polo que, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de acordo co artigo 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

33.31522.- DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL FORMULADA POR CAÍDA NO CONCELLO DE VIGO (Expte. 2021008558)

Dada conta que con data de rexistro 26/02/2021 (núm. rex. WEB2021006468) tivo entrada nesta Deputación instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial subscrita por D^a. *Amparo Davila Fernández*, por danos e lesións producidas por mor dunha caída, o día 12/11/2020, a consecuencia, segundo manifesta, do mal estado da beirarrúa da estrada provincial E.P. 2001 no Concello de Vigo, e que non foi cuantificada economicamente.

Resultando.- Que con data 11/03/2021, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015 e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/1986, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais desta Deputación, que emitiu o mesmo na data 28/04/2021, co seguinte contido:

PRIMEIRO.- O sinistro localízase na E.P. 2001, na marxe dereita do p.q. 4+350. Dito punto quilométrico pertence á Rede de Estradas da Deputación de Pontevedra.



SEGUNDO.- Segundo a explicación da reclamante, a caída tivo lugar cando transitaba pola beirarrúa, ao tropezar coas baldosas existentes que se atopaban en mal estado, xusto ó pasar diante da barandilla no centro da mesma.

Nese punto exacto hai un acceso a unha parcela lindeira, como se pode observar na fotografía, na que se pode apreciar o rebaixe do bordillo.

A sección transversal é descontinua, adaptada ó acceso de vehículos que non se atopa en servizo, con algúns danos localizados, debido á rotura e afundimento de algunha baldosa e que supoñen irregularidades de 2 cm de altura, cos que puido tropezar a viandante.

Considérase que os danos non son de tal entidade como para supoñer un risco, e que dentro do dereito de utilizar os servizos públicos debe de estar o de facelo con atención, dilixencia e responsabilidade, de xeito que aínda que a caída se producira nesa localización, a causa desta non obedece ó estado da beirarrúa.

TERCEIRO.- Non se rexistra aviso nin saída da brigada de garda deste organismo ó citado sinistro. Non hai constancia de ningunha outra incidencia nesa data nin nese punto pola mesma causa.

CUARTO.- Non había sinalización advertindo do perigo por non estar considerada a beirarrúa coma un risco.

*María Elena Pérez Alonso
Enxeñeiro*

*Daniel Romay Díaz
Director do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais*_____

Considerando.- Que no presente procedemento seguiu o cauce legal descrito nos artigos 65, 67, 81 e 91 da Lei 39/2015 e na Sección 1ª do Título IV, da Lei 40/2015, referida á responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, así como o relativo ó procedemento administrativo xeral, agás no referido á cumprimentación do prazo para resolver, e isto debido á tardanza na emisión de informes e á acumulación de tarefas nos servizos participantes na súa tramitación.

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e pasiva e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo de prescrición), descritos nos artigos 66, 3, 4.1 a) e 67.1 da Lei 39/2015.

Considerando.- Que non quedou acreditada a relación de causalidade (artigo 32.1 da Lei 39/2015) co material probatorio aportado ó expediente, antes ó contrario, queda demostrada a non responsabilidade desta Deputación polo seguinte:

- A reclamante non achega ningunha proba ó expediente que permita demostrar a veracidade do relatado, soamente aporta a súa manifestación subxectiva e interesada acerca do acaecido, sendo xurisprudencia reiterada do Tribunal Supremo a que establece a carga que incumbe á parte interesada de pór a disposición do instrutor do procedemento un mínimo probatorio, obriga obviada no presente caso.



- Segundo o relatado, a caída tivo lugar ás 18:30 horas do día 12 de novembro, é dicir, ó anoitecer, circunstancia esta que obriga a prestar mais atención na deambulación.
- Nas fotografías aportadas pola reclamante obsérvase que, a pesares de ser mínimo o afundimento da louseta, no mesmo se acumulaban follas, que pola súa cor marrón eran perfectamente visibles na beirarrúa.
- Pódese observar asemade que nese punto exacto o bordillo está rebaixado por tratarse dun acceso a unha parcela lindeira.
- Existía mais espazo na beirarrúa para pasar, evitando pisar as follas acumuladas na louseta afundida, polo que debeu presumir que pasar por riba podería supoñer un perigo para a súa seguridade.
- A sección transversal é descontinua e adaptada ó acceso de vehículos, aínda que non se atopa en servizo, con algúns danos localizados que supoñen irregularidades de 2 cm de altura.
- Considérase que o dano non ten a entidade suficiente como para supoñer un risco, e que dentro do dereito de utilizar os servizos públicos debe de estar o de facelo con atención, dilixencia e responsabilidade, de xeito que aínda que a caída se producira nesa localización, a causa desta non obedece ó estado da beirarrúa.
- Non houbo mais caídas pola mesma causa.
- Non había sinalización advertindo do perigo por non considerarse un risco o estado da beirarrúa.
- No informe médico achegado pola reclamante xunto coa instancia, recóllese no apartado dos antecedentes persoais da paciente, o seguinte: *“Estudiada en Neurología en la actualidad por mareos y pérdida de conocimiento”*, o que fai presumir que a caída puido producirse a consecuencia dalgún padecemento sufrido pola accidentada.

Considerando.- Que non se produciron mais caídas pola mesma causa, o que incide na falta de dilixencia e atención da accidentada.

Considerando.- Que a Sentenza 5/2019 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, sinala o seguinte:

“El dato de referencia se vino también a confirmar definitivamente gracias a la aportación documental realizada en Sala por el letrado de la Diputación, consistente en una copia de la ordenanza de seguridad vial de la Diputación, aprobada el 22/02/2013 y publicada en el BOPDEPO nº 98, de 23/05/2013, de entre cuyas disposiciones se hizo especial mención por dicho letrado al art. 5.4 y 5, sobre cuyo contenido también se emitió certificación de enero de 2019 del secretario xeral de la demandada, confirmando que las “aceras” pertenecientes a vías urbanas y travesías de carreteras de titularidad provincial, tienen la



consideración de elementos de urbanización lo que, según el párrafo 5º del art. 5 de la Ordenanza ya mencionada, conlleva la “responsabilidad” por su gestión, sostenimiento y reparación a cargo del Concello dentro de cuyo término municipal se halle la vía, tramo urbano o travesía en cuestión, por más que la titularidad de la misma sea provincial, es decir, de la Diputación”.

Nesta liña argumental o entenderon precedentes como os que se citan “ad exemplum”: ... *El comportamiento humano implica soportar los pequeños riesgos que una eventual falta de cuidado y atención comporta...*” Sentenza de 2 de marzo de 2006 da Sala Primeira (do Civil) do T.S., LA LEY JURIS 11410/2006; e na mesma liña:

- Sentenza do 9 de maio de 2000 do T.S.
- Sentenza do 26 de marzo de 2004 do T.S.X.G.
- Sentenza do 10 de marzo de 2005 da Sala do Contencioso-Administrativo do T.S.J. de Canarias.
- Sentenza do 30 de novembro de 2005, da Sección 14ª da Audiencia Provincial de Barcelona.
- Sentenza do 23 de decembro de 2005 da Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 2ª, do T.S.J. de Castilla y León.
- Sentenza do 3 de marzo de 2006 da Sala Primeira (do Civil) do T.S.
- Sentenza do 9 de marzo de 2006, da Sección 1ª do T.S.J. de Andalucía.
- Sentenza do 6 de abril de 2006, da Sección 3ª do T.S.J. de Andalucía.
- Ditame do Consello Consultivo de Galicia 877/06.
- Sentenza 262/2011 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra.
- Sentenza 156/2010 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra:
“...aún en el caso de reconocer ese déficit en las medidas, sea de seguridad sea de vigilancia, a adoptar respecto a la zona en obras, tampoco sería posible hablar de nexo causal directo (...). Al contrario, todo parece indicar que fue una desatención por parte del peatón en las condiciones de la vía la que originó el siniestro...”
- Sentenza 20/2012 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra:
“Por tanto, ni el estado de la acera en ese punto puede considerarse sorpresivo para el peatón, ni se puede considerar que fuese un obstáculo imprevisible e inevitable, pues se aprecia claramente por una persona con diligencia media con un deambular normal, existiendo más espacio en la acera para pasar, de forma que ha de considerarse que Dª. Victoria iba distraída y perdió el equilibrio cayendo en la acera (...). Se acredita la causa de exoneración consistente en culpa de la víctima, pues a esta también le es exigible la deambulación diligente, sin que quepa hacer del carácter objetivo de la responsabilidad patrimonial de la Administración Pública una especie de aseguradora universal de todos los daños que se produzcan...”
- Sentenza 252/13 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo:
“...el daño ha de imputarse a la falta de atención y cuidado del peatón, daño que tenía el deber jurídico de soportar y que desde esta perspectiva, no puede calificarse como de antijurídico...”



- Sentenza 150/16 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra:
“...Es exigible a cualquier viandante una mínima diligencia y cuidado cuando transita, que se concreta lógicamente en un deber de atención y cuidado”.

- Sentenza 210/2016 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra:
“(...) Eventual falta de atención, comportamiento desatento, o falta de diligencia básica debida en el actuar de la peatón lesionada. Sumado a la evidente dificultad para mantener en un impecabilísimo estado de conservación todas las aceras y vías públicas... y a la falta de demostración de que M^a. Dolores sufriera algún tipo de dolencia, enfermedad o discapacidad física, que le impidiera asegurar el paso en términos más o menos razonables, así como de que en ese mismo lugar hubiera sufrido otra caída algún otro viandante en fechas cercanas, así como a la condición del punto concreto donde se encontraba el desnivel de zona por la que no tiene que transitar el peatón, en tanto se encuentra dentro del alcorque instalado para un árbol y en una acera de considerables dimensiones (lo cual dejaba un muy buen espacio libre para la deambulación de la peatón aquí lesionada) entiendo que impide tener por cierta la acreditación suficiente para este supuesto de la existencia de un nexo causal eficiente, directo, entre daño o lesión por el que se reclama y el funcionamiento de un servicio público municipal. Por lo dicho procede la desestimación del presente recurso”.

Na mesma liña argumental se pronuncian as sentenzas 4/2018 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1, 217/2017 e 82/2019 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 e a sentenza 05/2019 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3, todos eles de Pontevedra.

Considerando.- Que en supostos con identidade de razón, foron desestimadas as solicitudes de indemnización, sen que os reclamantes tiveran acudido á vía xudicial, conscientes de que hai accidentes que dependen unicamente da dilixencia na deambulación de quen os sofre, e que, atendendo á fundamentación e razoamentos do acordo notificado, declinaron interpoñer, xa non recurso na vía administrativa, senón nin sequera na orde contenciosa o que, por outra banda e cinguíndonos ó presente suposto, obrigaría, de recorrer a esta última vía, a solicitar as costas procesuais. Tales precedentes constan na Asesoría Xurídica.

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 39/2015, 54 da Lei 7/1985 e 223 do R.d. 2568/1986.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido nos artigos 88.1 e 35.1 b) e h) da Lei 39/2015, referidos á desestimación argumentada da reclamación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade desestimar a solicitude de indemnización.



34.31523.- DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS MATERIAIS NA EP 2304 NO CONCELLO DE GONDOMAR (Expte. 2020052765)

Dada conta que con data de rexistro 18/10/2019 (rex. núm. WEB2019032727) tivo entrada nesta Deputación instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial, formulada D. José Rodríguez Domínguez por danos en vehículo producidos o día 11/10/2019, a consecuencia do impacto cunha tubería de formigón que, segundo manifesta, invade a calzada da estrada provincial E.P. 2304, no Concello de Gondomar.

Resultando.- Que con data 02/12/2019, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015 e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/86, solicitouse informe ó Servizo de Mobilidade da Deputación, o cal foi emitido na data 19/12/2019 co seguinte contido literal:

- a) *A estrada E.P. 2304 Donas-Mañude é unha estrada convencional, titularidade da Deputación de Pontevedra.*
- b) *O 112 non dou aviso ó teléfono dos vixiantes do Pazo Provincial da Deputación de Pontevedra informando do accidente (que é o sistema habitual de comunicación de incidencias nas estradas provinciais da Deputación), polo que a Brigada nº 5 que é a responsable da zona non puido ter coñecemento do accidente ocorrido.*
Na citada zona da E.P. 2304 Donas-Mañufe, este Servizo non ten coñecemento de accidentes acaecidos pola mesma causa. No ano 2019 este Servizo non ten rexistrado ningún parte de accidente nesa estrada, e nos anos 2017 e 2018 os accidentes rexistrados nesa estrada son debidos a causas non relacionadas coa aquí referida.
- c) *No citado punto non existe ningún sinal que advirta do estreitamento, non obstante a citada estrada presenta o mesmo ancho que existe nesa zona en gran parte do seu trazado, xa que o ancho da estrada está totalmente condicionado polas edificacións e peches que está situadas en gran parte do trazado inmediatamente a carón da estrada e sen separación física coa mesma.*

O Enxeñeiro de Infraestruturas
César Paredes Rodríguez
O Director de Infraestruturas e Vías Provinciais
Daniel Romay Díaz

Resultando.- Que con data 23/11/2020, solicitouse informe complementario ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación para que informasen acerca dos seguintes extremos:

- Se a citada tubería invadía o carril tal e como manifesta o reclamante ou se a mesma se atopaba fóra da liña exterior do mesmo.



- Ancho concreto do firme de rodadura e se este permite, extremando a precaución, o paso de dous vehículos.
- Distancia existente entre o lugar de Sequiña-Manufe nº 1 (domicilio do reclamante) e o punto do accidente no nº 25 do barrio de A Barga en Mañufe.

Resultando.- Que con data 26/02/2021 remiten o citado informe complementario no que se relata o seguinte:

PRIMEIRO.- A E.P. 2304 Donas-Mañufe forma parte da rede provincial de estradas. A reclamación localízase na marxe dereita do p.k. 1+400.

SEGUNDO.- Este servizo non foi notificado do accidente obxecto da reclamación, nin ten coñecemento de accidentes acaecidos pola mesma causa.

TERCEIRO.- A tubería non invade o carril. Atópase no lateral dereito, formando parte dun paso salvacunetas que da acceso a unha parcela.

CUARTO.- A estrada é estreita en toda a súa lonxitude e están delimitadas as liñas de borde da calzada coas marcas viais correspondentes.

Debido ó ancho total da estrada, que no seu punto máis favorable é de 6,20 ml e considerándose por tanto unha estrada estreita, non está pintada a liña do eixo da calzada, que delimitaría os dous carrís de circulación, por non haber espazo físico para poder garantir o ancho de cada un deles.

No punto referido o ancho total da estrada é de 3,10 ml e non hai sinalización de estreitamento por considerar que a estrada ten características similares en gran parte do seu trazado. Non é posible o cruce de dous vehículos nese punto.

Antes do accidente había un sinal de balizamento na marxe dereita advertindo a presenza do obstáculo.

Tras o accidente procedeuse á reposición do balizamento coa instalación de dous fitos flexibles no sobreecho que existe antes do citado paso salvacunetas.

QUINTO.- Entre o lugar do accidente e o domicilio do reclamante hai unha distancia de 3 km, circulando por estradas provinciais (E.P. 2304 e E.P. 2305) e municipais.

Firmado por

María Elena Pérez Alonso

Enxeñeiro

Firmado por

Daniel Romay Díaz

Director de Infraestruturas e Vías Provinciais



Considerando.- Que no presente procedemento seguiu o cauce legal descrito nos artigos 65, 67, 81 e 91 da Lei 39/2015 e na Sección 1ª do Título IV, da Lei 40/2015, referida á responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, así como o relativo ó procedemento administrativo xeral, agás no referido á cumprimentación do prazo para resolver, e isto debido á suspensión dos prazos derivada do confinamento pola COVID19, á tardanza na emisión de informes e á acumulación de tarefas nos servizos participantes na súa tramitación.

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e pasiva e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo de prescrición), descritos nos artigos 66, 3, 4.1 a) e 67.1 da Lei 39/2015.

Considerando.- Que non quedou acreditada a relación de causalidade (artigo 32.1 da Lei 40/2015) co material probatorio aportado ó expediente, antes ó contrario, queda demostrada a non responsabilidade desta Deputación polos seguintes argumentos:

- Non se tivo coñecemento do accidente nin de ningún outro acaecido pola mesma causa.
- No citado punto non existe ningún sinal que advirta do estreitamento, xa que a citada estrada presenta o mesmo ancho en gran parte do seu trazado, ó estares totalmente condicionado polas edificacións e peches existentes situados inmediatamente a carón da estrada.
- A tubería non invade o carril, senón que forma parte dun paso salvacunetas que da acceso a unha parcela do lateral dereito.
- A estrada é estreita en toda a súa lonxitude, estando delimitadas as liñas de borde da calzada coas marcas viais correspondentes.
- Por considerarse unha estrada estreita, non está pintada a liña do eixo da calzada que delimitaría os dous carrís de circulación, ó non haber espazo físico para poder garantir o ancho de cada un deles.
- No punto referido o ancho total da estrada é de 3,10 ml e non hai sinalización de estreitamento por considerar que a estrada ten características similares en gran parte do seu trazado.
- Non é posible o cruce de dous vehículos nese punto.
- Antes do accidente había un sinal de balizamento na marxe dereita advertindo a presenza do obstáculo.
- Tras o accidente procedeuse á reposición do balizamento coa instalación de dous fitos flexibles no sobreecho que existe antes do citado paso salvacunetas.



- Entre o lugar do accidente e o domicilio do reclamante hai unha distancia de 3 km, circulando por estradas provinciais (E.P. 2304 e E.P. 2305) e municipais, polo que o reclamante debía ser coñecedor da zona.
- Non houbo mais accidentes pola mesma causa.

Considerando.- Que os argumentos esgrimidos no anterior considerando fan descansar, a lo menos de modo indiciario, a responsabilidade no condutor do vehículo, pois de terse adecuado a condución ás circunstancias da vía, o accidente probablemente non se tería producido, Así, segundo recolle o artigo 45 do R.d. 1428/03, de 21 de novembro, que aprobou o Regulamento Xeral de Circulación, “todo condutor está obrigado a respetar los límites de velocidad establecidos y a tener en cuenta sus propias condiciones físicas y psíquicas, LAS CARACTERÍSTICAS Y EL ESTADO DE LA VÍA, del vehículo y de su carga, LAS CONDICIONES meteorológicas, ambientales y DE CIRCULACIÓN y, en general, cuantas circunstancias concurren en cada momento, a fin de adecuar la velocidad de su vehículo a las mismas, de manera que siempre pueda detenerlo dentro de los límites de su campo de visión y ante cualquier obstáculo que pueda presentarse”.

Asemade, o artigo 46 do citado Regulamento sinala que: “1. Se circulará a velocidad moderada y, si fuera preciso, se detendrá el vehículo cuando las circunstancias lo exijan, especialmente en los casos siguientes:

i) EN EL CRUCE CON OTRO VEHÍCULO, CUANDO LAS CIRCUNSTANCIAS DE LA VÍA, DE LOS VEHÍCULOS o las meteorológicas o ambientales NO PERMITAN REALIZARLO CON SEGURIDAD”.

Polo seu lado, a Lei 18/1989 de 25 de xullo, de Bases sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, no artigo 3.3 da base cuarta recolle o seguinte:

“...Los conductores quedarán especialmente obligados a circular de manera diligente...”

En idénticos termos se expresa o xa referido R.d. 1428/2003, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación, que no seu articulado recolle o seguinte:

Artigo 3.1 *“...Se deberá conducir con la diligencia y precaución necesarias para evitar todo daño propio o ajeno, cuidando de no poner en peligro, tanto al mismo conductor...”*

Artigo 18.1: *“...El conductor de un vehículo está obligado a mantener su propia libertad de movimientos, el campo necesario de visión y la atención permanente a la conducción, que garanticen su propia seguridad...”*

Artigo 132.1: *“...Todos los usuarios de las vías objeto de esta Ley están obligados a obedecer las señales de circulación que establezcan una obligación o una prohibición y a adaptar su comportamiento al mensaje del resto de señales reglamentarias que se encuentren en las vías por las que circulan...”*



Considerando.- Que a xurisprudencia sentada polo T.S. fai descansar o título de imputación da responsabilidade á Administración -entre outros motivos-, na inoperancia, inacción, renuencia ou retardo na reposición da vía máis aló dos 45-60 minutos a partir da chamada ou aviso para a súa reposición, feito de modo real e probado, o que non se produce no presente suposto xa que non se tivo coñecemento do accidente, polo que de nada se pode responsabilizar a esta Deputación, podendo neste sentido invocarse “ad exemplum” as seguintes sentenzas: Sentenza do T.S. Sala 3ª de 11/02/87; sentenza do T.S. Sala 3ª de 07/10/97; sentenza do T.S. Sala 6ª de 03/12/02; sentenza do T.S. Sala 3ª de 24/02/03 F.X.1º; sentenza do T.S. Sala 3ª de 11/12/07 F.X.2º; sentenza do TSXG de 24/12/03 F.X.5º; sentenza do TSXG do 27/12/07; sentenza do TSXG de 04/10/07; ditame do Consello de Estado de 26/04/07; Sentenza da sección 8ª da Sala do contencioso-administrativo da Audiencia Nacional de 23/06/98; do Xulgado do contencioso-administrativo nº1 de Pontevedra, sentenzas números 121/04; 20/07; 140/08; 114/09; 123/11; 77/12; 68/13 e 185/13; do Xulgado do contencioso-administrativo nº2 de Pontevedra, sentenzas números 170/04; 2/05; 183/06; 74/09; 112/14 e 264/14; e do Xulgado do contencioso-administrativo nº3 de Pontevedra, sentenzas números 179/04; 74/08; 250/13 e 112/14; abundancia de precedentes que, de interpoñerse recurso contencioso, facultaría á Deputación á solicitude de imposición de costas pola temeridade e mala fe na interposición da acción, considerando a pluralidade de precedentes e a identidade de razón entre eles e a “causa petendi” da presente reclamación.

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 39/2015, 54 da Lei 7/85 e 223 do R.d. 2568/86.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido nos artigos 88.1 e 35.1 b) e h) da Lei 39/2015 referidos á desestimación argumentada da reclamación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade desestimar a reclamación.

35.31524.- DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL FORMULADA POR LESIÓNS NO CONCELLO DO PORRIÑO (Expte. 2020056988)

Dada conta que con data de rexistro 13/06/2019 (núm. rex. 2019031785), tivo entrada nesta Deputación instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial subscrita por Dª. Mª. del Carmen Veloso Doval por lesións producidas por mor dunha caída, o día 12/06/2018, a consecuencia, segundo manifesta, da presenza de baldosas soltas na beirarrúa da estrada E.P. 2401 Porriño-Mosende, no Concello de O Porriño, e que foron cuantificadas economicamente en 4.361,85 €.



Resultando.- Que con data 20/08/2019, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015 e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/1986, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais desta Deputación, que o emitiu o día 02/09/2019, co seguinte contido:

1. *A estrada E.P. 2401 Porriño-Mosende pertence á rede de estradas dependentes da Deputación de Pontevedra.*
2. *Non se tivo coñecemento da suposta caída nin de ningunha outra, nin nesa data ni en datas anteriores nin posteriores.*
3. *O desperfecto da beirarrúa, tal e como se pode apreciar nas fotografías que se adxuntan, débese, sen ningún xénero de dúbida, ó acceso de vehículos que, para acceder á propiedade, pasan por riba do pavimento da beirarrúa.*

O pavimento de lousas da beirarrúa, a día de hoxe está sen arranxar.

4. *Non existía ningún tipo de sinalización xa que, tal e como se pode apreciar nas fotografías que se adxuntan, o estado do pavimento da beirarrúa non representa un especial perigo para os usuarios da beirarrúa.*
5. *Tal e como establece o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia no seu artigo 127.1 “Tienen consideración de accesos a las carreteras o a sus vías de servicio los de las actuaciones urbanísticas, los de las vías urbanas y caminos públicos, los de las instalaciones de servicio y los de las fincas y predios colindantes”.*

O artigo 129.3 do mesmo Regulamento Xeral de Estradas de Galicia establece: “La conservación y mantenimiento del acceso, incluso en la parte incorporada al dominio público viario, corresponderá a la persona titular de la autorización”.

En consecuencia é o propietario do acceso existente, deteriorado polo tránsito de vehículos, o responsable do seu mantemento.

O Director de Mobilidade

Daniel Romay Díaz

Resultando.- Que con data 14/10/2019, solicitouse informe complementario ó Servizo de Mobilidade da Deputación, acerca do nome e dirección postal do propietario da citada parcela, remitindo o mesmo na data 15/10/2019, co seguinte contido:

1. *Consultada a documentación catastral da parcela (*), aparecen 2 titulares co 50% de propiedade cada unha:*
 - C.M.A.
 - A.R.S.
2. *Dirección:*
 - Lugar de Torneiros, La Relva 40
 - CP. 36410 – O Porriño*(*). Achegamos ficha do catastro.*

Resultando.- Que con data 21/10/2019, solicitouse novamente informe complementario acerca dos seguintes extremos:

- *Se os propietarios da parcela contaban con autorización para entrada de vehículos pesados, xa que na fotografía que se adxunta ó informe apréciase o que parece ser un dentro da finca.*
- *Se existen parcelas colindantes con entrada de vehículos que presenten os mesmos danos na beirarrúa.*



Resultando.- Que con data 25/10/2019 recibíuse o citado informe complementario co seguinte contido:

1. *O tramo da beirarrúa, dende o P.Q. 0+000 ata o lugar onde presuntamente produciuse a caída, está en perfecto estado, non habéndose detectado ningún desperfecto; eso é así a pesar de existir varias entradas de vehículos ás propiedades. Dito isto, volvo reiterar que o deterioro da beirarrúa é debido ó acceso de vehículos (incluso pesados como se pode observar na fotografía que se adxunta) á propiedade existente. Tamén pode observarse na fotografía non só o deterioro do pavimento da beirarrúa senón tamén o do interior da propiedade.*
2. *A Deputación de Pontevedra non concede VADOS nas entradas ás propiedades, sendo esta unha competencia municipal. O que sí autoriza a Deputación son autorizacións de accesos cando estas son solicitadas polos propietarios.*
3. *No caso que nos ocupa, xa existía beirarrúa no ano 2005, tal e como se pode ver na fotografía que se adxunta. Nesa data xa existía rebaixe na beirarrúa e esta encontrábase en bo estado de conservación.*
4. *Non consta neste servizo que exista autorización para a entrada de vehículos pesados a través da beirarrúa.*

Resultando.- Que con data 04/11/2019, e con fundamento nos artigos 4.1, apartados b) e c), da Lei 396/2015, e 76.1 da mesma Lei, emprazouse como interesados no procedemento ós propietarios da parcela cuxo acceso se atopaba deteriorado para que puideran alegar o que estimasen pertinente, presentado escrito na data 11/11/2019, no que alegan o seguinte:

“Recibida comunicación de xeito sorprendente de denuncia de particular sobre levantamento de lousetas na acera da estrada de O Porriño a Torneiros, quero manifestar as seguintes alegacións:

- *Desde a nosa propiedade non empregamos a acera como acceso, pois temos entrada sen necesidade de utilizar a acera da estrada.*
- *Que o estado da acera é deficiente en todo o seu tramo e non só no lugar contiguo á nosa propiedade.*
- *Que tampouco pode atestiguarase con veracidade que a posible lesión da señora que reclama fora producida nese lugar concreto”.*

Resultando.- Que mediante Resolución Presidencial nº 2019021000 de data 16/12/2019, ampliouse o prazo para resolver o expediente por atoparse o mesmo nese intre pendente de informe complementario por parte do Servizo de Infraestruturas.

Resultando.- Que con data 18/12/2019 solicitouse o citado informe, co fin de determinar se o lugar no que tivo lugar a caída se atopaba nun tramo urbano da estrada provincial, recibíndose o mesmo na data 22/12/2020, cuxo contido literal é o seguinte:

PRIMEIRO.- O tramo de beirarrúa onde presuntamente tivo lugar o accidente localízase na estrada E.P. 2401 O Porriño-Mosende, na marxe dereita do p.k. 0+490.

SEGUNDO.- Consultado o planeamento urbanístico vixente, o tramo de beirarrúa obxecto da reclamación non se atopa dentro dos tramos urbanos da estrada provincial, senón que se localiza en solo de núcleo rural.



Considerando.- Que no presente procedemento seguiuise o cauce legal descrito nos artigos 65, 67, 81 e 91 da Lei 39/2015 e na Sección 1ª do Título IV, da Lei 40/2015, referida á responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, así como o relativo ó procedemento administrativo xeral, agás no referido á cumprimentación do prazo para resolver, e isto debido ó confinamento derivado da COVID e á acumulación de tarefas nos servizos participantes na súa tramitación.

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e pasiva e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo de prescrición), descritos nos artigos 66, 3, 4.1 a) e 67.1 da Lei 39/2015.

Considerando.- Que non quedou acreditada a relación de causalidade (artigo 32.1 da Lei 39/2015) co material probatorio aportado ó expediente, antes ó contrario, queda demostrada a non responsabilidade desta Deputación no evento lesivo, pois a forza causacional débese única e exclusivamente á actitude temeraria da accidentada, posto que:

- A caída produciuse a plena luz do día, o 11 de xuño sobre as 11:30 horas, sendo a alteración mínima perfectamente visible.
- Segundo o relato da reclamante, camiñaba dende o seu domicilio ate o centro da cidade polo que era coñecedora do lugar.
- Manifesta, asemade, na instancia que o paso de peóns é continuo o que supón un grave e constante risco, pero o certo é que somentes a reclamante sufriu unha caída.
- O desperfecto débese, sen ningún xénero de dúbida, ó acceso de vehículos que, para acceder á propiedade, pasan por riba do pavimento da beirarrúa.
- Non existía ningún tipo de sinalización xa que o estado do pavimento non representaba un especial perigo para os usuarios da beirarrúa.
- É o propietario do acceso, deteriorado polo tránsito de vehículos, o responsable do seu mantemento.
- O tramo da beirarrúa, dende o P.Q. 0+000 ata o lugar onde se produciu a caída, está en perfecto estado, sen ningún desperfecto a pesares de existir varias entradas de vehículos ás propiedades.
- Obsérvase na fotografía un vehículo pesado dentro da parcela, polo que o deterioro da beirarrúa débese ó acceso destes vehículos á propiedade existente, observándose na citada fotografía que o pavimento do interior da parcela tamén se atopa nas mesmas condicións de deterioro.
- Non consta que exista autorización para a entrada de vehículos pesados a través da beirarrúa.

Considerando.- Que o artigo 129.3 do Regulamento Xeral de Estradas de Galicia establece que “La conservación y mantenimiento del acceso, incluso en la parte incorporada al dominio público viario, corresponderá a la persona titular de la autorización”.

Considerando.- Que non se produciron mais caídas pola mesma causa, o que ven suxerir que a súa xénese e dinámica reside na actitude tórpida ou pouco dilixente da accidentada.



Nesta liña argumental o entenderon precedentes como os que se citan “ad exemplum”:

“... El comportamiento humano implica soportar los pequeños riesgos que una eventual falta de cuidado y atención comporta...” Sentenza de 2 de marzo de 2006 da Sala Primeira (do Civil) do T.S., LA LEY JURIS 11410/2006; e na mesma liña:

- Sentenza do 9 de maio de 2000 do T.S.
- Sentenza do 26 de marzo de 2004 do T.S.X.G.
- Sentenza do 10 de marzo de 2005 da Sala do Contencioso-Administrativo do T.S.J. de Canarias.
- Sentenza do 30 de novembro de 2005, da Sección 14ª da Audiencia Provincial de Barcelona.
- Sentenza do 23 de decembro de 2005 da Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 2ª, do T.S.J. de Castilla y León.
- Sentenza do 3 de marzo de 2006 da Sala Primeira (do Civil) do T.S.
- Sentenza do 9 de marzo de 2006, da Sección 1ª do T.S.J. de Andalucía.
- Sentenza do 6 de abril de 2006, da Sección 3ª do T.S.J. de Andalucía.
- Ditame do Consello Consultivo de Galicia 877/06.
- Sentenza 262/2011 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra.
- Sentenza 156/2010 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra:
“...aún en el caso de reconocer ese déficit en las medidas, sea de seguridad sea de vigilancia, a adoptar respecto a la zona en obras, tampoco sería posible hablar de nexo causal directo (...). Al contrario, todo parece indicar que fue una desatención por parte del peatón en las condiciones de la vía la que originó el siniestro...”
- Sentenza 20/2012 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra:
“Por tanto, ni el estado de la acera en ese punto puede considerarse sorpresivo para el peatón, ni se puede considerar que fuese un obstáculo imprevisible e inevitable, pues se aprecia claramente por una persona con diligencia media con un deambular normal, existiendo más espacio en la acera para pasar, de forma que ha de considerarse que Dª. Victoria iba distraída y perdió el equilibrio cayendo en la acera (...). Se acredita la causa de exoneración consistente en culpa de la víctima, pues a esta también le es exigible la deambulación diligente, sin que quepa hacer del carácter objetivo de la responsabilidad patrimonial de la Administración Pública una especie de aseguradora universal de todos los daños que se produzcan...”
- Sentenza 252/13 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo:
“...el daño ha de imputarse a la falta de atención y cuidado del peatón, daño que tenía el deber jurídico de soportar y que desde esta perspectiva, no puede calificarse como de antijurídico...”
- Sentenza 150/16 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra:
“...Es exigible a cualquier viandante una mínima diligencia y cuidado cuando transita, que se concreta lógicamente en un deber de atención y cuidado”.



- Sentenza 210/2016 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra:
